

## **VISITA DA ESCRITORA FINA CASALDERREY AO ROSAIS 2**

Por Miguel Fernández e Sofía Ferreiro, alumnado de 2º ESO A

O pasado xoves 6 de novembro, o alumnado de 2º da ESO puidemos disfrutar dunha amena charla da tan premiada escritora, Fina Casalderrey, despois de termos lido o seu libro *A Pomba e o Degolado*.

Tras a algarabía do patio de recreo, no salón de actos fíxose o silencio e apareceu Fina cun sorriso nos beizos. Axiña cativou a nosa atención. Comezou gastándonos unha broma: afirmou que sendo aínda demasiado cativa xa sabía ler e escribir e que con moi poucos anos lera os grandes clásicos da literatura. Cando xa todos tiñamos crida a trola, Fina desvelounos, non só que era mentira, senón que mesmo chegara a pasar fame de lectura, que na súa casa non había libros. Con isto pretendía demostrarnos que calquera de nós pode chegar a ser escritor ou o que se propoña se é traballador e pon nese desexo confianza, esforzo e afección. Todos quedamos sorprendidos.

Entre outras anécdotas, Fina contounos que cando ela era coma nós tiña unha veciña anciá cuxo único fillo marchara traballar ao extranxeiro. A tal señora, que non sabía ler nin escribir, chamaba a Fina de cando en vez para que lle lese as cartas que o seu fillo lle enviaba. A veciña, ás veces incluso choraba da emoción; mais un día chamou a Fina para que lle escribise unha carta e ditoulle unhas palabras moi duras para o seu fillo. Fina trocounas por outras máis amorosas cheas de morriña e afecto. Cando, ao rematar, lle leu a carta, a veciña non retrucou, sorriu e aceptou o resultado.

Tivemos ocasión de facerlle preguntas sobre o libro que leramos e sobre os feitos que o inspiraran. Ela, leda, contestounos que sendo mestra nun instituto en Marín tivera

diversas experiencias cos seus alumnos e que estas, entre outras, a levaran a escribir o libro. Logo asinou con grade satisfacción os nosos exemplares de *A Pomba e o Degolado*.

En xeral, a todos nos pareceu moi educativa e interesante a charla coa autora, unha muller que comprende aos nenos por ser mestra e que, aínda que teña recibido moitos premios polos seus libros, agradece ante todo aos seus lectores por ler e soñar coas súas historias.